



Boletín Informativo do Concello



Nº: 41 DECEMBRO 2010

Axente Desenvolvemento Local

*** PLAN RENOVE DE FIESTRAS**

Concesión de axudas dirixidas á rehabilitación dos ocos acristalados da fachada, tanto no referente ao acristalamento como aos marcos ou perfís.

As persoas interesadas deberán dirixirse ás entidades colaboradoras (www.inega.es).

PRAZO: Ata o 29/10/2011 ou ata que se esgoten os fondos correspondentes.

Para resolver dúbidas:

e-mail: renovefiestras1@inega.es

Tlfnos: 981 54 15 00

981 95 78 03

981 54 15 07

Cultura e Deportes

***CAMPIONATO DE NADAL DE TUTE PARA USUARIOS DO CENTRO DE MAIORES.**

Entre o 20 e o 31 de decembro terá lugar o I Campionato de Nadal de tute no centro de maiores. Nel poderán tomar parte todas aquelas persoas que acoden ou poden acudir a dito centro. Xogarase polas mañás en horario de 10:30 a 13:00 horas. Para máis información consultar as bases do campionato no taboleiro do centro de maiores.

***XIMNASIA DE MANTEMENTO EN BOIMORTO.**

O mércores 15 de decembro dará comezo a ximnasia de mantemento no polideportivo en Boimorto. Lembrar que os días e horario son luns e mércores de 21:00 h. a 22:00 h.

***Visitas ao Balneario.**

A partires do 15 de xaneiro de 2010 o

Concello de Boimorto organizará viaxes ao Balneario. Estean atentos aos bandos nos que se dará a información completa ao respecto.

***Actuación aprazada do día 27 de novembro dos Magos Dani e Martín** celebrarase o **Venres 17 de Decembro** na Casa da Cultura ás **9 da noite**

A actuación será gratuíta e farán unha representación conxunta de maxia en directo.

***Informase aos veciños que a actuación de maxia que terá lugar o 3 e 4 de decembro non é organizada polo Concello, senón que este so presta o Local.**

As entradas estarán á venda 1 hora antes das actuacións e terá un prezo de 10€/actuación.

Feira

***Este mes de Decembro coincidindo coa Feira mensual (4 de Decembro) o Concello, en colaboración con:**

*** Lácteos Terra de Melide.**

*** Queixeira Arzuana.**

*** Queixería Barral.**

*** Queixería Varela.**

organiza unha Degustación de queixos do País no Recinto da Feira.

Colocarase unha pequena carpa na que se expoñerán e se porán á venda diversas clases de queixo.

Xa só nos queda animarvos a que veñades dar unha volta á Feira e probar o queixo galego que tan boa sona ten dentro e fora das nosas fronteiras.

VII Certame de Cantares de Reices

*O vindeiro 2 de xaneiro de 2011 vaise celebrar como ven sendo tradicional o Certame de Cantares de Reices que este próximo ano chegará a súa sétima edición. Todos os interesados pódense anotar nas oficinas do Concello antes do 24 de decembro de 2010.

Nesta sétima edición do Certame de Reis imos contar coa participación de dous Grupos de Portugal que lle aportarán a esta edición un novo xeito de Canta-los Reices.

Animádevos a participar neste Certame que está xa tan consolidado no panorama cultural de Galicia.

Extracto das Bases:

- Participantes

Poderán participar cuadrillas de nenos/as, mozos/as ou vellos/as que se inscriban no Concello de Boimorto antes do día 24 de decembro de 2010 (ata un máximo de 20 participantes). A solicitude de inscrición deberá estar a nome dunha persoa maior de idade.

- Desenvolvemento do certame

Ás 16:30 horas dará comezo o certame, onde cada cuadrilla participante deberá interpretar un cantar de reis cunha duración que non dure máis de cinco minutos. A actuación das cuadrillas será determinada por sorteo público o día 30 de decembro as 12:00 horas.

- Premios

Establécense seis premios en metálico, con cargo ao futuro orzamento municipal do 2011, que se reparten do seguinte xeito:

- Primeiro premio:	1.000 Euros
- Segundo premio:	500 Euros
- Dous terceiros premios:	300 Euros cada un
- Cuarto premio:	200 Euros
- Quinto premio:	100 Euros

- Criterios de valoración

Valorarase:

Que sexa un canto de reis tradicional	de 0 a 40 puntos
Afinación	de 0 a 30 puntos
Posta en escena	de 0 a 20 puntos
Orixinalidade	de 0 a 10 puntos

- Xurado

O xurado será nomeado por Decreto de Alcaldía e o fallo do mesmo será inapelable. Así mesmo reservase o dereito de declarar algún dos premios deserto; seguido ao certame levarase a cabo o fallo do xurado e a entrega de premios.